

INFORME DE INTERVENCIÓN

Proposta de requirimento previo á adxudicación:
SERVIZO DE CAFETERIA

Datos do expediente:

- Procedemento negociado sen publicidade tras procedemento aberto deserto
- Tramitación ordinaria
- Múltiples criterios de adxudicación
- Presentación de ofertas por 5 empresas.

Análise da documentación

Segundo o iter procedimental sinalado nos PCAP sobre a apertura da oferta e negociación, constan os informes da Comisión negociadora nomeada para tal fin, a saber:

- Informe inicial de avaliación das ofertas presentadas no procedemento para a contratación administrativa do 25/10/2016: no que se analiza a documentación presentada por 5 licitadores, dos que 4 resultan excluídos por defectos non emendables que se detallan nel, de xeito que resta unha única empresa que cumpre co esixido nos pregos, á sazón Sala Grandín, á que se resolve invitar para negociar.
- Informe final de avaliación de oferta presentada no procedemento para a contratación administrativa do 10/11/2016: que indica que invitada a única empresa admitida a mellorar a oferta presenta escrito reformulando a súa oferta inicial e engadindo melloras, motivo polo que, visto que cumpre cos requirimentos técnicos e administrativos dos pregos, procede requirirlle para presentar a documentación administrativa para a adxudicación do contrato, e procede excluir ao resto dos licitadores polos defectos detallados.

Polo exposto, cumpridos os termos dos pregos, FISCALIZASE FAVORABLEMENTE.

En consecuencia, requírase a mencionada documentación administrativa para a adxudicación, e unha vez aportada fórmese á Mesa do Parlamento a proposta que proceda, a cal debe ser sometida a fiscalización desta Intervención. Asemade sométase a proposta de exclusión dos licitadores restantes co réxime de recursos que corresponde conforme á normativa vixente.

Santiago de Compostela, a 14/11/2016.

A interventora